



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 21 DE MAIO 2022.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA FGM

Adolfo Puch Domínguez

Árbitros

Freixeiro López, Xosé Lois
Domínguez Iglesias, Manuel

Deportistas

Expósito Alonso, Jesús
Fernández Rey, Fernando
Faro Fortes, Xosé Lois
Maestu Almeida, Josefina
Merino Encinas, José Miguel
Outón Nieto, Pedro
Vázquez Fariña, Gustavo

CLUBES

PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia	Carlos Garrido Costas
Club Montaña Ferrol	Xan Ramirez Gómez
Club Montañeiros Celtas	Carmen Pérez Orge
Clube de Montaña Xistra	Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Asociación Os Sendeiros de Foz	Roberto Morís Fernández
Asociación de Escaladores Ourensáns	Pablo Prada Souto
Club Nosas Rutiñas	José Carlos Rodríguez Pérez
Running Sport Trail	Elías Rodríguez Gómez
Clube Montaña Ribeira Sacra	Xosé Antón Vázquez Pérez

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

José Manuel Pérez Prego

Director Técnico da F.G.M.

ORDE DO DÍA

- 1º Apertura da Asemblea.
- 2º Lectura e aprobación se procede da Acta anterior.
- 3º Resumen de actividades do ano 2021.
- 4º Peche das contas do ano 2021.
- 5º Orzamentos aprobados na Asemblea de decembro de 2021.
- 6º Novos Regulamentos aprobados recentemente en Comisión Delegada.
- 7º Rogos e preguntas.

1º Apertura da Asemblea.

En segunda convocatoria, ás 10:35 h da comezo a Asemblea Xeral Ordinaria. O presidente D. Adolfo Puch da a benvida ós asistentes. Exerce de secretario accidental o Vicepresidente da Área Económica Sr. Merino.





2º Lectura e aprobación se procede da Acta anterior.

A acta da anterior reunión, Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada o 18 de decembro de 2021 foi remitida por correo electrónico polo que os presentes por asentimento aceptan a omisión da lectura. Apróbase con 16 votos a favor, a totalidade dos asistentes agás 2 abstencións e o voto en contra da Sra. Maestu.

3º Resumen de actividades do ano 2021.

O Presidente fai unha exposición xeral sobre os actividades levadas a cabo no ano 2021, información enviada previamente por correo electrónico. A continuación o Director Técnico da FGM comenta detalladamente os datos de participación de cada unha das actividades. En particular resaltase que se levaron a cabo catro actividades de ámbito estatal da FEDME (Campeonato de España de Marcha Nórdica, o Campeonato de España de Escalada CESA, 3.ª proba da Copa de España de escalada en bloque e a reunión nacional de escaladoras).

4º Peche das contas do ano 2021.

O Sr. Merino le o informe sobre as contas do ano 2021 da Comisión Delegada á Asamblea que é favorable coa petición de que se detallen as subvencións, extremo xa corrixido na información enviada aos assembleístas.

O Sr. Tesoureiro fai unha presentación das contas do ano 2021 resaltando os epígrafes máis destacados do exercicio, como o referente ás inversións en material deportivo e a novidade da adquisición de tarxetas moedeiro que se están a empregar nas saídas das nosas seleccións deportivas aos campionatos nacionais. Fai tamén a aclaración de que os soldos non baixaron (na comparativa co ano 2020 hai que ter en conta que houbo un tempo contratado un traballador para a emisión de licenzas).

A Sra. Maestu solicita que conste en acta que o informe da Comisión Delegada para a Asamblea non foi colgado previamente na web da FGM, así como no apartado de transparencia di que non están publicadas as subvencións das administracións públicas.

O Sr. Fernández Rey lembra que na Comisión Delegada, da que el é membro, tamén se falou de pechar a conta bancaria do Banco Santander.

O Sr. Tesoureiro remata a súa intervención lendo á Asamblea o Informe de Auditoría do ano 2020, que foi favorable con salvedades relativas ás amortizacións e débedas de clientes. Xa foron feitas as correccións pertinentes.

Apróbanse as contas do ano 2021 con 14 votos a favor, a totalidade dos asistentes agás 2 abstencións e 3 votos en contra, entre eles o do Sr. Xosé Lois Freixeiro que manifesta que o fai por non aparecer os gastos dos seguros dos refuxios de xeito proporcional.

5º Orzamentos aprobados na Asemblea de decembro de 2021.

O Sr. Presidente comenta sobre que na subvención do convenio da Xunta de Galicia percibíronse aproximadamente dous mil euros menos dos previstos. Tamén recóllese a proposta de incorporar a dotación do premio ao mellor club do ano. Acórdase por asentimento que se levará á Comisión Delegada a modificación dos orzamentos do ano 2022.

6º Novos Regulamentos aprobados recentemente en Comisión Delegada.

O Sr. Presidente informa que a Comisión Delegada aprobou dous novos regulamentos (Andainas de 25 km e Liga de Sendeirismo) e a modificación do de Escalada.

7º Rogos e preguntas.

O Sr. Xosé Lois Freixeiro pregunta por que a FEDME baixou o presuposto da marcha de veteranos. O Sr. Presidente responde que o descoñece, que non é da súa competencia se non da federación española.

O Sr. Henrique Freixeiro comenta que o listado de sendeiros homologados non aparece na web da federación, e que na dita web só aparecen de xeito directo as tres últimas entradas no apartado de noticias. Tamén aproveita para indicar como presidente do club organizador que atópase aberta a inscrición para a actividade federativa de Descenso de Barranco.

O Sr. Jesús Expósito comenta sobre a posibilidade de convenios con outras federacións, como podería ser coa de espeleoloxía. O Sr. Presidente responde que non habería inconveniente deste tipo de iniciativas, que por exemplo con colexios xa hai experiencias de colaboración.

A Sra. Maestu fai os seguintes rogos:

1.- Que se faga a incorporación ao programa de deporte escolar da Xunta de Galicia.

2.- Que haxa criterios públicos para as premiacións da gala.

3.- Que cree que hai que facer un pequeno estudo do que está dando a Xunta de Galicia ás federacións porque non podemos consentir 2.400 euros menos. E que outra posibilidade a estudar sería o patrocinio de Turgalicia e do Xacobeo.





O presidente do club Asesou, D. Pablo, comenta a prolemática en Ourense:

- 1.- Necesidade dun rocódromo.
- 2.- O desaxuste temporal da licenza (por ano natural) co curso escolar para os que rapaces que comezan por primeira vez a facer escalada.

Dase por concluída a Asamblea Xeral Ordinaria ás 13:46 h.

Adolfo Puch Domínguez
Presidente

José Miguel Merino Encinas
Secretario Accidental

Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral

